

Acta Reunión Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 6 de abril de 2010

Hora: 12:00

Sala de Xuntas X3.1

Asistentes:

María José Carreira Nouche

M^a Teresa Moreira Vilar

Pablo García Tahoces

M^a Carmen Palacios

Puntos a tratar:

1. Aprobación da Acta anterior
2. Aprobación cambios proposta SGIC solicitados pola ACSUG
3. Rolda aberta

1. Apróbase a acta da reunión do 17 de febreiro de 2010.

2. A Responsable de Calidade do Centro (RCC), María José Carreira, expuxo as peticións de modificacións no Sistema de Garantía Interna de Calidade da Escola realizadas pola Vicerreitoría de Calidade á vista do Informe provisional da ACSUG. A meirande parte das mesmas son cambios de formato (modificar encabezados contextualizando a ETSE, incorporar datas de aprobación nos cadros de pé de páxina, subsanar algúns erros, etc.), ou ampliación no desenvolvemento dalgúns dos procedementos que se levan a cabo como a orientación aos estudantes ou as prácticas en empresas.

Se revisaron e corrixiron todos os puntos indicados no informe e a Comisión acorda aprobar as modificacións e a súa remisión á Vicerreitoría de Calidade.

Se elaborará unha adaptación do Anexo 2 ao modificado pola ETSE para enviar como resposta á ACSUG acompañando a nova versión do SGIC.

3. En rolda aberta M^a José Carreira comunica que probablemente se asigne unha cantidade de 9000 € para a implementación do SGIC. Se suxire empregar esa cantidade na contratación dunha persoa encargada da xestión da documentación. Asemade acórdase pedir para facilitar esta xestión o sistema de xestión documental que manexa a Vicerreitoría de Calidade.

Péchase a reunión ás 12.45 h.

Anexo 1. Informe provisional ACUSG

Anexo 2. Suxestións Vic. Calidade en contestación ao Anexo 1.